

## Concello de Outes

### CERTIFICADO

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| 721/2020                | O Pleno                  |

**MINIA ASTRAY BARCA, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,  
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 29 de outubro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 721/2020. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora**

ASUNTO: MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), propoño ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO no seguinte contido literal:

“Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota da taxa na modalidade de vivanda é de 32,33 €/semestre, dos que 28,29 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,04 € á dispoñibilidade do punto limpo municipal.

2. A cota tributaria da taxa na modalidade de establecemento de calquera

**Concello de Outes**

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

clase aberto ao público é de 53,87 €/semestre, dos que 49,85 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,02 € á dispoñibilidade do punto limpo municipal.

3. A cota tributaria da taxa na modalidade de restaurantes, supermercados e almacéns de alimentación é de 64,64 €/semestre, dos que 60,60 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,04 €/semestre á dispoñibilidade do punto limpo municipal.”

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Esta modificación entrará en vigor consonte aos artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.



E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Cod. Validación: 3DDN7CKM2N3FD4LAF6YAZ6S2C | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2